



Expediente: 2023/X998/000022

Concello de Cerceda
(A Coruña)

BANDO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO CENSO ELECTORAL

Faise saber, que en cumprimento da normativa electoral vixente (Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño) e de cara a convocatoria das **Eleccións Municipais 2023** (data votación 28/05/2023), están a disposición do público os seguintes censos electorais : CENSO ELECTORAL DE ESPAÑOIS RESIDENTES EN ESPAÑA (CER), CENSO ELECTORAL DE ESTRANXEIROS RESIDENTES EN ESPAÑA (CERE) así como a lista das MESAS ELECTORAIS, para a súa CONSULTA OU POSIBLE RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA (por parte dos interesados), no prazo, lugar e horarios seguintes:

PRAZO DE EXPOSICIÓN:

Dende o día 10 de abril de 2023 ata o día 17 de abril de 2023 (ambos inclusive).

HORARIO DE PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS:

Días laborais: de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas. Do 10 de abril de 2023 ata o día 17 de abril de 2023 (ambos inclusive).

LUGAR DE CONSULTA:

Na oficina de Rexistro-Estatística, sita no andar baixo da casa do Concello, para facer a consulta por medios informáticos, dos datos electorais, esta deberá ser individual para cada persoa que solicita a consulta, previa identificación. O documento de identificación deberá ser algún dos que para o acto de votación indica o artigo 85.1 da Lei Electoral: D.N.I., pasaporte ou permiso de conducir, no que apareza a fotografía do titular.

O horario de consulta neste caso é de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Ou chamando ós seguintes teléfonos:

Oficina do Censo Electoral: 981 217 439, ou 900 343.232 (gratuito).

Concello de Cerceda: 981 685 001 (ext. 1), so desde o día 10 de abril de 2023 ata o día 17 de abril de 2023 (ambos incluídos), en horario de 9:00 a 14:00 horas.

É importante que tódalas persoas con dereito á voto consulten a súa correcta inscrición dos seus datos nas listas electorais, en especial os que cumpriran recentemente os 18 anos, e os que cambiaran de domicilio ou residencia nos últimos meses.

Cerceda, 5 de abril de 2023
O alcalde

Juan Manuel Rodríguez García

Documento asinado dixitalmente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cerceda.es>
Documento firmado digitalmente, validar la firma con el código indicado en el margen en la <https://sede.cerceda.es>

Av. Mesón, 21 – Telef.: 981 685 001 – Fax: 981 685 205 – 15185 CERCEDA (A Coruña)
CIF: P1502400C